

# No caso de incendio



- Manteña a **CALMA**, non berre.
- Localice a orixe da incidencia
- Clasifique a magnitude do lume (Conato, Emerxencia Parcial ou Xeral)
- **AVISE** rápidamente por **Tfno: 10000** ou o posto de control de enfermaría máis próximo.
- Se a magnitude do lume o permite, dispón de coñecementos en loita contra o lume, e sen poñerse en perigo, **COMECE a EXTINCIÓN** cos extintores da súa zona.

■ Lembre:

1. Descolgue o extintor sen darlle a volta.
2. Quite o pasador de seguridade.
3. Dirixa a boquilla á base das chamas
4. Aperte a maneta de xeito intermitente

Nunca intente apagar o lume cun extintor non axeitado, pode resultar inútil, e mesmo, contraproducente.


- Se se decide **APAGAR** o lume cos medios de extinción dispoñibles, no deixe nunca que o lume lle corte as posibles vías de escape. Tampouco xire ni se poña de costas ó lume
- ACTÚEN** sempre por **PARELLAS** (ante calquera eventualidade ou desenvolvemento do sinistro, sempre se poderá contar coa axuda dun compañeiro)
- Se o lume é controlado comuníqueo ó Xefe de Emerxencia, pero no abandoe o lugar, o incendio podería reactivarse.
- Se o lume non se pode controlar, siga as **INSTRUCCIÓNS** dadas polo persoal que coordina a emerxencia (ESI).
- Ó saír deixe **PECHADAS** as portas e fiestras ó seu paso.
- Se se prende a súa roupa, tírese ó chan e rode.
- Sinalice cun extintor, o lugar do lume.

# No caso de evacuación

## NORMAS XERÁIS DE EVACUACIÓN

# SI

- Cando se active o sinal de evacuación, comprobe que as vías de evacuación se atopan practicables, e no caso contrario notifíqueo ó persoal que coordina a Evacuación.
- Manteña a **CALMA**, non berre.
- **OBEDEZA** as ordes do persoal de evacuación e alarma.
- Camiñe con **RAPIDEZ**, pero sen correr.
- En presenza de **FUME**, respire a través dun pano mollado.
- Se hai moito fume, camiñe **AGACHADO**.
- Procure avanzar sempre, pegado á parede.
- Se o **CAMIÑO ESTÁ INVADIDO** polo **FUME**, non intente atravesalo, **RETROCEDA**.
- **COLABORE** coa evacuación das persoas que o necesiten.
- Se o lume prende na súa roupa, **NON CORRA, TÍRESE Ó CHAN E RODE**.
- **CUBRA DE ROUPA** ós **QUEIMADOS**.
- Diríxase ó **PUNTO DE REUNION** exterior do edificio, co resto dos ocupantes.
- **SINALICE** cunha **ALMOFADA** a zona **EVACUADA**.



# NON




Non se deteña. **NON RETROCEDA** para coller datos ou obxectos pessoais.



No caso de emerxencia **NON UTILICE** os **ASCENSORES**.

# Se queda atrapado


- **PECHE** as portas e coloque debaixo das portas **PANOS HÚMIDOS**, se os tivese a man.
- Trate de **AVISAR Ó Nº 10000**, utilizando o teléfono interno do hospital.
- Despois, trate de **AVISAR** ou chamar a atención das persoas do exterior **A TRAVÉS DAS VENTÁS**, co fin de pedir axuda e poder ser evacuado do lugar



# LEMBRE

**É MOI IMPORTANTE PARA A SÚA SEGURIDADE, OBSERVAR OS SEGUINTE PUNTOS:**

- **COÑEZA** as vías de evacuación e portas de saída, en todo momento.
- **COÑEZA** a localización dos medios de emerxencia, (Extintores portátiles, pulsadores de alarma, etc.)
- Se **SOSPEITA** que pode haber **LUME NUN LOCAL, TOQUE A PORTA**, e se estivese quente non a abra.
- No caso de haber **GRAN CANTIDADE DE FUME E LUME** nos accesos, o mellor é esperar no interior do seu local. Se se lle ocorre saír, fágao envolto en roupa impregnada de auga.



**ACTÚE CON ORDE E SERENIDADE**

# Como utilizar un extintor




É NECESARIO COÑECER AS INSTRUCCIÓN DE USO DO EXTINTOR



PASO 1

Escollo o extintor axeitado para o lume.



PASO 2

Descolgar o extintor sen darlle a volta, e deixalo no chan.



PASO 3

No mesmo sitio, quitar precinto e probar descarga. Dirixirse ó lume.




PASO 4

No lugar do lume, actuar: A un 1,50 m de distancia apretar a válvula de descarga e dirixir o chorro á base das chamas, mantendo o extintor en vertical.



Se o lume é horizontal, barrer de forma ininterrompida dun lado ó outro da súa superficie, comezando pola beira máis preta (exemplo: derramamento de líquidos inflamables).



Se o lume é vertical varrer de abaixo para arriba en toda a súa lonxitude.



Se se produciu nun cadro eléctrico, consola, etc..., abrir con coidado a porta deste, despois de cortar a corrente eléctrica ó equipo, e proxectar o axente extintor ó interior.



Todas as medidas de prevención implantadas, así como a elaboración do Plan de Autoprotección e a información preventiva que contén este tríptico, son froito do interese do Servizo de Orde Interna e Seguridade por acadar varios obxectivos: aumentar a seguridade e a autoprotección no complexo, minimizar os riscos existentes a través da organización dos medios técnicos e humanos dispoñibles, xestionar con eficacia e eficiencia as posibles emerxencias que poidan xurdir e garantir unha actuación coordinada na xestión dos medios humanos do CHUAC cos servizos externos de emerxencias.



Área Sanitaria da Coruña e Cee

SERVIZO DE ORDE INTERNA E SEGURIDADE

# PLAN DE autoprotección

## INSTRUCCIÓN BÁSICAS DE ACTUACIÓN

PREVENIR | AVISAR | ACTUAR | EVACUAR



ÁREA DE SANITARIA LA FADA  
CORUÑA E CEE A CORUÑA



SERVIZO DE ORDE INTERNA E SEGURIDADE ✓